



## Memoria anual do Departamento de Inglés

Xuño 2023

### Desenvolvemento das programacións didácticas

En xeral as programacións didácticas desenvolvéronse na súa totalidade en todos os cursos de réxime xeral agás en 3º ESO, onde quedou sen rematar a última unidade. No bacharelato de adultos completouse a programación no 2º curso, pero no 1º curso quedou sen rematar a última unidade, aínda que se impartiron os contidos gramaticais novos. Na ESA 3 completouse a programación no primeiro cuadrimestre, pero no segundo quedou unha unidade sen desenvolver. Na ESA 4 non houbo tempo de desenvolver a última unidade.

### Propostas de revisión das programacións didácticas

As programacións didácticas avaliáronse positivamente e non se realizaron propostas de revisión.

### Materiais didácticos

Para o vindeiro curso 2023/24 vanse substituír os libros de texto dos cursos segundo e cuarto de ESO ao abeiro do disposto na Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (DOG do 19 de maio). Os libros seleccionados son:

- James Styring, Nicholas Tims, Christina de la Mare et al.: *On Track 2: Student's Book*. Oxford University Press, 2023. ISBN: 978-0-19-486023-9.
- James Styring e Nicholas Tims: *On Track 4: Student's Book*. Oxford University Press, 2023. ISBN: 978-0-19-486065-9.

### Análise dos resultados da avaliación do alumnado

Nas seccións seguintes, procédeuse a analizar o desempeño do alumnado tralas avaliacións ordinaria (ESO) e extraordinaria (bacharelato e adultos) deste curso tomando como referencia as mesmas avaliacións do ano pasado.



## Educación secundaria obrigatoria

Os resultados da avaliación do alumnado de ESO nas materias non pendentas son moi satisfactorios (93% de aprobados, Cadro 1), subindo 8 puntos con respecto do ano pasado. O curso con peores resultados é o 1º curso (90%), mentres que o mellor desempeño acádase no 4º curso (99%).

Os resultados da avaliación deste alumnado nas materias pendentas (69% de aprobados, Cadro 2) melloran en 6 puntos con respecto ao curso pasado. De todos os xeitos, é moi pouco o alumnado con pendentas (4,8% do total da ESO) para outorgarlle valor significativo.

Cursos e grupos	Aprobados		Suspensos		Total
	N.	%	N.	%	
1º ESO A	21	72%	8	28%	29
1º ESO B	31	100%	0	0%	31
1º ESO C	29	97%	1	3%	30
<b>Total 1º ESO</b>	<b>81</b>	<b>90%</b>	<b>9</b>	<b>10%</b>	<b>90</b>
2º ESO A	27	96%	1	4%	28
2º ESO B	25	86%	4	14%	29
2º ESO C	30	97%	1	3%	31
<b>Total 2º ESO</b>	<b>82</b>	<b>93%</b>	<b>6</b>	<b>7%</b>	<b>88</b>
3º ESO A	26	93%	2	7%	28
3º ESO B	23	88%	3	12%	26
3º ESO C	28	97%	1	3%	29
<b>Total 3º ESO</b>	<b>77</b>	<b>93%</b>	<b>6</b>	<b>7%</b>	<b>83</b>
4º ESO A	23	100%	0	0%	23
4º ESO B	22	100%	0	0%	22
4º ESO C	28	97%	1	3%	29
<b>Total 4º ESO</b>	<b>73</b>	<b>99%</b>	<b>1</b>	<b>1%</b>	<b>74</b>
<b>Total ESO</b>	<b>313</b>	<b>93%</b>	<b>22</b>	<b>7%</b>	<b>335</b>

Cadro 1: ESO: Primeira lingua estranxeira: Inglés



Cursos e grupos	Aprobados		Suspendidos		Total
	N.	%	N.	%	
2º ESO A	2	100%	0	0%	2
2º ESO B	1	25%	3	75%	4
2º ESO C	1	100%	0	0%	1
<b>Total 2º ESO</b>	<b>4</b>	<b>57%</b>	<b>3</b>	<b>43%</b>	<b>7</b>
3º ESO A	1	100%	0	0%	1
3º ESO B	2	50%	2	50%	4
3º ESO C	2	100%	0	0%	2
<b>Total 3º ESO</b>	<b>5</b>	<b>71%</b>	<b>2</b>	<b>29%</b>	<b>7</b>
4º ESO B	1	100%	0	0%	1
4º ESO C	1	100%	0	0%	1
<b>Total 4º ESO</b>	<b>2</b>	<b>100%</b>	<b>0</b>	<b>0%</b>	<b>2</b>
<b>Total ESO</b>	<b>11</b>	<b>69%</b>	<b>5</b>	<b>31%</b>	<b>16</b>

*Cadro 2: ESO: Primeira lingua estranxeira: Inglés (pendente)*

### Bacharelato: réxime xeral-ordinario

Os resultados da avaliación do alumnado de bacharelato (92% de aprobados, Cadro 3) son tamén moi satisfactorios e melloran 3 puntos con respecto do ano pasado; non obstante, cómpre destacar a diferenza de 13 puntos entre os cursos 1º e 2º. Este ano só houbo un alumno de 2º curso coa materia pendente de primeiro (Cadro 4).

Cursos e grupos	Aprobados		Non aprobados				Total
	N.	%	Susp.	P	NP	%	
1º bach. A	27	100%	0	0	0	0%	27
1º bach. B	22	96%	1	0	0	4%	23
1º bach. C	18	78%	3	0	2	22%	23
1º bach. D	20	83%	2	0	2	17%	24
1º bach. E	20	74%	4	0	3	26%	27
<b>Total 1º bach.</b>	<b>107</b>	<b>86%</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>7</b>	<b>14%</b>	<b>124</b>
2º bach. A	22	100%	0	0	0	0%	22
2º bach. B	16	100%	0	0	0	0%	16
2º bach. C	18	100%	0	0	0	0%	18
2º bach. D	19	95%	0	0	1	5%	20
2º bach. E	14	100%	0	0	0	0%	14
<b>Total 2º bach.</b>	<b>89</b>	<b>99%</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>1%</b>	<b>90</b>
<b>Total bach.</b>	<b>196</b>	<b>92%</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>8</b>	<b>8%</b>	<b>214</b>

*Cadro 3: Bacharelato: Primeira lingua estranxeira I e II: Inglés*



Cursos e grupos	Aprobados		Non aprobados			Total
	N.	%	Susp.	NP	%	
2º bach. E	1	100%	0	0	0%	1
<b>Total 2º bach.</b>	<b>1</b>	<b>100%</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0%</b>	<b>1</b>

Cadro 4: Bacharelato: Primeira lingua estranxeira I: Inglés (pendente)

### Bacharelato: réxime de adultos

Os resultados da avaliación do alumnado de bacharelato no réxime de adultos son peores que no réxime xeral-ordinario como consecuencia, ben de estar traballando e ter menos tempo dispoñible para o estudo, ben das dificultades de aprendizaxe que os levaron a abandonar en moitos casos o bacharelato de réxime xeral-ordinario.

O desempeño deste ano (28% de aprobados, Cadro 5) descende 7 puntos con respecto do ano pasado, sendo destacable a diferenza de 12 puntos entre os cursos 1º e 2º.

Os resultados da avaliación do alumnado de 2º curso na materia de 1º curso (29% de aprobados, Cadro 6) son similares aos do ano pasado.

Cursos e grupos	Aprobados		Non aprobados				Total
	N.	%	Susp.	P	NP	%	
1º bach. F	3	19%	4	0	9	81%	16
<b>Total 1º bach.</b>	<b>3</b>	<b>19%</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>81%</b>	<b>16</b>
2º bach. F	7	44%	4	0	5	56%	16
2º bach. G	6	35%	3	5	3	65%	17
2º bach. H	0	0%	6	1	2	100%	9
<b>Total 2º bach.</b>	<b>13</b>	<b>31%</b>	<b>13</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>69%</b>	<b>42</b>
<b>Total bach.</b>	<b>16</b>	<b>28%</b>	<b>17</b>	<b>6</b>	<b>19</b>	<b>72%</b>	<b>58</b>

Cadro 5: Bacharelato de adultos: Primeira lingua estranxeira I e II: Inglés

Cursos e grupos	Aprobados		Non aprobados			Total
	N.	%	Susp.	NP	%	
2º bach. F	3	100%	0	0	0%	3
2º bach. G	0	0%	0	6	100%	6
2º bach. H	1	20%	0	4	80%	5
<b>Total 2º bach.</b>	<b>4</b>	<b>29%</b>	<b>0</b>	<b>10</b>	<b>71%</b>	<b>14</b>

Cadro 6: Bacharelato de adultos: Primeira lingua estranxeira I: Inglés (2º curso)



## Ensinanza secundaria para persoas adultas

Este ano os resultados da avaliación do alumnado de educación secundaria para persoas adultas (ESPA) (55% de aprobados, Cadro 7) soben 2 puntos con respecto aos do ano pasado.

Cursos e grupos	Aprobados		Non aprobados				Total
	N.	%	Susp.	P	NP	%	
3 A – 1º Cua.	5	42%	1	0	6	58%	12
4 A – 1º Cua.	1	100%	0	0	0	0%	1
3 A – 2º Cua.	3	75%	0	0	1	25%	4
4 A – 2º Cua.	1	50%	0	0	1	50%	2
<b>Total módulo 3</b>	<b>10</b>	<b>53%</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>8</b>	<b>47%</b>	<b>19</b>
4 A – 1º Cua.	11	58%	0	0	8	42%	19
4 A – 2º Cua.	10	56%	1	1	6	44%	18
<b>Total módulo 4</b>	<b>21</b>	<b>57%</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>14</b>	<b>43%</b>	<b>37</b>
<b>Total ESPA</b>	<b>31</b>	<b>55%</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>22</b>	<b>45%</b>	<b>56</b>

*Cadro 7: Educación secundaria para persoas adultas: Ámbito da comunicación*

En Vigo, a 29 de xuño de 2023.

O xefe do departamento,

José Antonio Fernández Troncoso